

# O LINOGRAVADO

## ASPECTOS XERAIS DOS OBRADOIROS

Profesores que imparten os obradoiros: **D. JOSÉ FUENTES** e **D. ANTONIO NAVARRO**  
(Universidade de Salamanca e Instituto Universitario de Investigación en Arte e Tecnoloxía da Animación da USAL).

Lugar onde se imparten: **TALLER DE GRAVADO E ESTAMPACIÓN DO MUSEO DO GRAVADO** (Lugar de Outeiro, 52, 15969, Artes, RIBEIRA – A CORUÑA)

Datas das edicións dos obradoiros:

### **NOVEMBRO 2022**

**25, 26 e 27 de novembro do 2022**

Importe del curso: **100 €**

Número de alumnos/as: **12**

### **XANEIRO 2023**

**27, 28 e 29 de xaneiro do 2023**

Importe del curso: **100 €**

Número de alumnos/as: **12**

Horario dos obradoiros:

- - **Venres:** de 16 a 20 h
- - **Sábado:** de 10 a 14 e de 16 a 20h
- - **Domingo:** de 10 a 14 h

Horas lectivas do obradoiro: **16 horas** lectivas presenciais.

Materiais para os obradoiros:

**Os materiais para a realización das imaxes do curso son gratuítos, polo que o artista só abonará cota de inscrición do obradoiro.**

Acreditación de participación:

**Ao finalizar o obradoiro entregáraselle aos artistas participantes un diploma acreditativo da realización do obradoiro.**

## OBRADOIRO DE LINOGRABADO

### PRESENTACIÓN

Con motivo da celebración en 2023 dunha homenaxe a **Pablo Picasso** na comunidade autónoma galega, debido aos anos da súa xuventude que viviu nela, a **Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital** e o **Museo do Gravado** sumáronse aos eventos que están previstos para esta efeméride.

Entre as actuacións programadas está ha de ofrecer varias edicións dun **Obradoiro de linogravado** que se realizará no taller de gravado do Museo.

Picasso, na súa longa e fecunda traxectoria artística, dedicou moita atención á obra gráfica, onde atopou un medio de creación alternativo ao debuxo e á pintura. Entre as técnicas que despertaron o seu interese atópase o Linogravado co que realizou 199 imaxes. A súa inqueda personalidade creadora fixo que tamén nese medio incorporara un amplo repertorio de aportacións gráficas que se concretan en procesos técnicos e métodos de linogravado anovadores.

Una de las razóns da ampla produción de linogravados de Picasso foi o progresivo descubrimento de posibilidades e alternativas deste medio que, por un lado, representaban unha nova linguaxe de creación persoal, y por outro, reforzaban a singularidade e riqueza desta técnica.

Un de los legados máis interesantes dos linogravados de Picasso é o carácter sistemático dos procesos que seguía para realizar as imaxes. Isto implica que se trata de procesos que seguen unhas pautas técnicas para xerar as matrices e que polo tanto son comunicables e outros artistas as poden aplicar ás súas obras. Pese á grande popularidade de Picasso e ás numerosas publicacións sobre os seus linogravados, os seus achados técnicos tiveron unha difusión moi limitada, determinada pola escasa información que deixou. Os documentos máis interesantes son as numerosas probas de estado dalgúns imaxes que nos revelan o modo de proceder de cada caso concreto.

Coa proposta deste obradoiro queremos render homenaxe a este mestre universal da arte e fixémoslo organizando un curso onde os artistas participantes realizarán **dúas imaxes distintas**: unha realizada en linogravado con liña negra e outra en linogravado dixital.

## ***O linogravado con liña negra***

Trátase dun proceso moi singular xa que a imaxe tállase en positivo sobre o linóleo. Isto é, tállase o propio trazo co que se debuxou a imaxe sobre o linóleo, de modo que as liñas teñen unha espontaneidade e expresividade inusual nesta técnica. No proceso tradicional do linogravado as liñas créanse tallando o fondo ou contra-liña, o que xera unha liña máis torpe ou de carácter un tanto artificial.

As liñas pódense trazar sobre o linóleo con distintos útiles como rotuladores, lapis ou pinceis finos ou anchos. Os pinceis dannos a posibilidade de crear imaxes nas que tamén interveñan as manchas, o que engade unha maior riqueza á linguaxe gráfica e expresivoa da imaxe final.

Este é o proceso que seguiu Picasso para obter numerosos linogravados dunha gran beleza. Pero no obradoiro que ofrecemos iremos un paso máis alá, xa que nestas mesmas imaxes introduciremos tonalidades de grises. Para isto utilizaremos distintas ferramentas que nos proporcionarán diversas formas de xerar grises ópticos con gran control e precisión de tons e detalles, máis alá do tradicional trazado de liñas finas paralelas con gubia.

## ***O linogravado dixital***

### ***Proceso de prancha perdida de Picasso***

A segunda imaxe que se realizará neste obradoiro será tamén en linogravado, pero aplicando un proceso inédito ideado polo profesor **José Fuentes: *O linogravado dixital***, derivado del método de prancha perdida de Picasso. Entre as aportacións de Picasso ao linogravado está o *método a prancha perdida* ou *método reductivo*. Con este método, para obter unha imaxe con varios tons ou cores, emprégase unha soa prancha de linóleo. Cada vez que tallamos unha parte do linóleo, correspondente a un ton ou cor, sobreimprímese na imaxen, de modo que o resultado é a resta progresiva de superficie do linóleo ata que queda cos elementos mínimos da última cor cor.

O método da prancha perdida permitiu a Picasso obter estampas dunha gran beleza e complexidade de cor. Varios acreditados historiadores coinciden en que no linogravado Picasso atopou o medio ideal para explorar a cor en toda a súa complexidade. O método de Picasso da prancha perdida ten a ventaxa de que a imaxe se crea cunha soa matriz, o que representa, por unha parte, un aforro importante en material e por outra un control maior nos axustes na sobreimpresión. O seu inconvinte é que nos obriga a realizar a edición completa de imaxes desde o principio e sen a posibilidade de facer variacións de cor sobre a mesma imaxe, xa que a edición completa obríganos a deseñar un plan de cor previo ao que se somete toda a edición.

### ***O método de José Fuentes. Descomposición da imaxe en varias matrices***

O linogravado dixital é unha nova forma de crear imaxes sobre linóleo usando medios dixitais nunha parte del proceso. José Fuentes propón para este obradoiro a realización dunha imaxe cun proceso alternativo ao da prancha perdida de Picasso. No proceso de Fuentes a imaxe baséase no mesmo principio da prancha perdida con varios tons ou cores, pero empregando distintas matrices, de tal xeito que a matriz non se sacrifica a medida que avanza o tallado da imaxe. Isto é posible grazas a un procedemento moi sinxelo onde o medio dixital é esencial para a súa aplicación e que se aplicará durante o obradoiro.

Os medios dixitais interveñen na primeira fase do proceso, xa que o tallado da imaxe sobre o linóleo e á súa estampación realízanse de xeito manual, seguindo o proceso tradicional. Os medios dixitais permiten a impresión simultánea da mesma imaxe sobre varios linóleos onde se talla a parte correspondente en cada un deles.

Este proceso ten a vantaxe de que non temos que facer a edición completa dende o principio, xa que podemos facer estampacións de parte da edición en calquera momento e ademais podemos facer cantas probas de cor queiramos para decidir cal é a mellor alternativa.

### ***O foto-linogravado***

Por outra parte, no Linogravado dixital intervén a transferencia das imaxes dun soporte temporal ao linóleo. Isto permítenos introducir imaxes de orixe fotográfica na imaxe de referencia para a súa talla, xerando unha alternativa chamada *o foto-linogravado*. Deste xeito, á hora de tallar, teremos unha guía precisa dunha imaxe fotográfica de referencia. A proximidade entre a imaxe final tallada e a fotografía de orixe, dependerá fundamentalmente da habilidade do artista para tallar e interpretar a imaxe fotográfica.

O foto-linogravado é moi interesante en canto que aporta un carácter singular nas imaxes derivado da linguaxe fotográfica. Ese carácter xenuíno refórzase cando nunha imaxe se combina ou alterna o fotográfico con elementos de carácter directo como manchas ou liñas. Esta alternativa é posible grazas a dous métodos de transferencia moi precisos e eficaces.

### ***Os métodos de transferencia***

Neste obradoiro curso está previsto usar un método de transferencia para imaxes de branco e negro. Pero tamén está previsto facer unha demostración dun proceso alternativo de transferencia de imaxes a cor dunha calidade excepcional.

Unha das características de ambos métodos de transferencia é a gran sinxeleza na súa aplicación. Estes dous métodos de transferencia abren no linogravado unhas posibilidades de creación inesgotables. Entre as alternativas técnicas está a de partir de imaxes analóxicas ou directas que son dixitalizadas e transferidas ao linóleo. Tamén está a posibilidade de que as imaxes sexan creadas directamente cunha tableta gráfica e transferidas ao linóleo. Unha terceira opción consiste en partir de fotografías puras ou manipuladas con programas como Photoshop. Por último, temos a posibilidade de crear unha imaxe a través da colaxe, onde se suman na obra elementos de carácter directo ou analóxico e de carácter fotográfico.

### ***Método quebracabezas (puzle)***

Neste curso tamén se inclúe a posibilidade de incorporar nas imaxes o método quebracabezas (*puzle*) empregado tamén por Picasso nos seus linóleos. Esta alternativa posibilitáanos incorporar na mesma matriz distintos cores xuxtapostas, tendo en conta de que as partes recortadas podense entintar independentes e unir na estampa final a modo de quebracabezas.

Neste obradoiro dispoñemos de ferramentas para recortar formas interiores precisas de xeito que se encastran no entintado e nos abren novas alternativas no uso da cor.

O método quebracabezas permite crear relacións complexas de cor nunha soa matriz ou numerosas formas de aplicar cor en sobreimpresións de varias pranchas. Resulta moi interesante dispoñer dun recurso que nos permite diferenciar partes da imaxe ou contrapoñer tintas de distintas cores, planas, xuxtapostas a outras, con cores en bandas ou entintadas a roliño xuxtapoñendo cores diferentes.


### ***Os recursos da estampación a cores***

A partir da imax creada con dúas matrices no proceso do linogravado dixital, pódense explorar numerosas posibilidades derivadas da cor e as súas diversas relacións. A complexidade das cores aumenta se nas matrices se inclúe o método quebracabeza, nunha ou nas dúas pranchas.

Poderemos explorar as posibilidades da color ao igual que o fixo Picasso nas súas imaxes realizadas co proceso de prancha perdida partindo de todos estes elementos unidos aos dous principios xerais da cor: a estampación con relacións harmónicas de cor baseadas en cores afíns ou contiguos no círculo cromático e as relacións de vibración de cor baseadas na estampación con dobres cores complementarias.

Con estas alternativas o artista terá a posibilidade de ver aplicada nas súas propias imaxes a potencia transformadora e expresiva da cor, un elemento de representación con inesgotables posibilidades de creación ao igual que o linogravado.

## IMAXES RELACIONADAS CO OBRADOIRO



Pablo Picasso, 1959: "A pica rota". 32 x 38. cm

Linogravado con liña negra

*Picasso debuxou aa imaxe directamente sobre o linóleo. Tallou a imaxe cunha gubia en V. No tallado Picasso respectou coidadosamente o carácter case uniforme das liñas para xerar una imaxe onde o conxunto de elementos e o seu carácter expresivo é o esencial.*



Pablo Picasso, 1959: "Muller reclinada e picador guitarrista". 76,2 x 91 cm

Gravado co método reductivo ou prancha perdida.

*Neste linogravado interveñen tres pranchas. A primeira que se imprimiu foi un fondo con ton marrón claro que cubría toda a imaxe. Na segunda prancha tallou a gubia os elementos que aparecen en marrón claro. Sobre esa mesma prancha, cunha ferramenta dentada trazou os efectos de modelado sobre o corpo da muller. A matriz sobreimprimiuse cunha cor marrón escura. Finalmente, na matriz eliminouse todo o que non correspondía aos elementos escuros da imaxe e se sobreimprimiuse finalmente con negro.*


*Polol carácter da imaxe e as liñas, é moi probable que pintara a imaxe directamente sobre o linóleo e ao tallar os elementos lineais amosan a dureza do tallado do fondo, en vez da liña coma no linogravado anterior.*



José Fuentes, 2022: *Serie Paisajes Líticos*. 33 x 55 cm

Linogravado en liña negra.

Neste linogravado José Fuentes debuxa directamente sobre o linóleo cun pincel de perfilar fino de pelo longo. Nalgunha zona da imaxe o trazo convértese en mancha que actúa integrándose coa liña de xeito natural. As oscilacións de grosor dalgúns trazos indicannos o útil co que realizaron: o pincel.



José Fuentes, 2022: *Serie Paisajes Líticos*. 33 x 55 cm

Linogravado en liña negra.

A imaxe foi creada debuxando directamente cun lapis 4B sobre o linóleo. Os trazos foron acompañados con punteados xerados con ruletas de grao irregular e serras dentadas. Incorporouse o recurso do quebracabezas (puzle) ao recortar a forma dorada superior, a cual foi entintada á parte con outra cor á da prancha xeral e se encastrou nela antes de imprimir.



José Fuentes, 2022: *Serie Paisajes Líticos*. 33 x 55 cm.

A imaxe obtívose a partir de dúas matrizes de linóleo. Transferiuse a mesma imaxe sobre as dúas. A imaxe transferida contiña elementos directos: os trazos blancos e negros e un elemento fotográfico central: as pedras acumuladas. Sobre un dos linóleos talláronse as liñas brancas e as luces das pedras. Sobre o segundo linóleo eliminouse todo agás os trazos negros e as zonas escuras das pedras. A primeira matriz entintouse con tres cores a bandas e la segunda matriz entintouse toda ela con cor violeta.



José Fuentes, 2022: *Serie Paisajes Líticos*. 33 x 55 cm

A imaxe obtívose a partir de dúas matrizes de linóleo. Transferiuse a mesma imaxe sobre os dous linóleos. A imaxe transferida contiña elementos directos: os trazos brancos e negros e un elemento fotográfico central: a pedra. Sobre un dos linóleos talláronse as liñas brancas e as luces da pedra, recortándoa a modo de quebracabezas (puzle). Sobre o segundo linóleo eliminouse todo agás os trazos negros e as zonas escuras da pedra. A primeira matriz entintouse con tres cores a bandas e a pedra recortada ca mesma cor da banda inferior. A segunda matriz entintouse toda ela con cor vermello escuro.



José Fuentes, 2022: *Serie Paisajes Líticos*. 33 x 55 cm

*Nesta imaxe procedeuse de xeito similar á anterior. Tallouse a pedra de xeito preciso, seguindo as pautas da imaxe fotográfica. Para o tallado empregouse unha gubia de pico de gorrión moi ben afiada para obter detalles moi precisos. O proceso de entintado é similar á imaxe anterior.*